ANUNCIO PRAZA SOCORRISTA RIOS



E) Vantaxes da oferta adxudicataria: ser a oferta económica máis vantaxosa das admitidas e ser o prezo o único criterio de adxudicación, servindo todo isto como motivación.

Ourense, 8 de xuño de 2017. O alcalde.

Asdo.: Jesús Vázquez Abad.

*Servicio de Contratación*

*Anuncio*

*En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 154.1 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, se hace público, para conocimiento general, la siguiente formalización de contrato de obras:*

*1. Entidad adjudicadora:*

*A) Organismo: Ayuntamiento de Ourense.*

*B) Dependencia que tramita el expediente: Servicio de Contratación.*

*C) Número de expediente: 2016013855, referencia 2416.*

*D) Dirección de internet del perfil del contratante: www.ourense.gal.*

*2. Objeto del contrato:*

*A) Tipo de contrato: de obras.*

*B) Descripción del objeto: obras del proyecto de urbanización del ámbito núm. 1 de la OUP AR 43 O (Remedios I).*

*C) CPV: 45220000.*

*D) Medio de publicación del anuncio de licitación: perfil del contratante, BOP y DOG.*

*E) Fecha de publicación del anuncio de licitación: 29-9-16, 1-10-16 y 3-10-16.*

*3. Trámite y procedimiento de adjudicación.*

*A) Trámite: ordinario.*

*B) Procedimiento: abierto.*

*4. Presupuesto base de licitación: Importe neto: 578.512,40 euros. IVA: 121.487,60 euros. Importe total: 700.000,00 euros.*

*5. Formalización del contrato.*

*A) Fecha de adjudicación: 18 de mayo de 2017.*

*B) Fecha de formalización: 8 de junio de 2017.*

*C) Contratista: Hordescón, S.L.*

*D) Importe de adjudicación: Importe neto: 396.454,55 euros. IVA: 83.255,46 euros. Importe total: 479.710,00 euros.*

*E) Ventajas de la oferta adjudicataria: ser la oferta económica más ventajosa de las admitidas y ser el precio el único criterio de adjudicación, sirviendo todo ello como motivación.*

*Ourense, 8 de junio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Jesús Vázquez Abad.*

*R. 1.880*

## A Peroxa

Anuncio

José Manuel González Trigás, secretario do Concello da Peroxa (Ourense),

Certifico: Que o Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o 16 de maio de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que, transcrito, literalmente di:

"A continuación pásase a tratar o asunto: camiño nas inmediacións das Paraxas e Corneda (investigación).

O alcalde exponlle á Corporación que:

* Existe un sendeiro que transcorre entre o campo de fútbol da Peroxa e o depósito da auga situado no lugar de "O Marco", nos arredores das Paraxas e Corneda.

* Que unha vez realizado o estudo previo sobre o exercicio da acción investigadora (artigo 48 do Regulamento de bens), existen indicios de que o dito terreo pode ser público, se ben, este non consta inventariado no libro de inventarios municipais.

Unha vez examinado detidamente o estudo previo, a Corporación, por unanimidade acorda:

1. Iniciar o expediente de investigación do referido ben, continuando coa tramitación prevista no artigo 45 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais.

2. Que se expoña ao público no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello durante o período de 15 días (artigo 49 do Regulamento de bens)"

E para que conste, expido e asino esta certificación, co visto e prace do alcalde, na Peroxa, o 12 de maio de 2017.

O alcalde. O secretario.

*Anuncio*

*José Manuel González Trigás, secretario del Ayuntamiento de A Peroxa (Ourense),*

*Certifico: Que el Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada en fecha 16 de mayo de 2017, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo que, transcrito, literalmente dice:*

*"A continuación se pasa a tratar el asunto: Camino en las cercanías de las Paraxas y Corneda (investigación).*

*El alcalde le expone a la Corporación que:*

** Existe un sendero que transcurre entre el campo de fútbol de A Peroxa y el depósito de agua situado en el lugar de "O Marco", a las afueras de las Paraxas y Corneda.*

** Que una vez realizado el estudio previo sobre el ejercicio de la acción investigadora (artículo 48 del Reglamento de Bienes), existen indicios de que dicho terreno puede ser público, si bien, el mismo, no consta inventariado en el libro de inventarios municipales.*

*Una vez examinado detenidamente el estudio previo, la Corporación, por unanimidad acuerda:*

*1. Iniciar el expediente de investigación del referido bien, continuando con la tramitación prevista en el artículo 45 y siguientes del Reglamento de Bienes de las Entidades Locales.*

*2. Que se exponga al público en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP) y en el tablón de anuncios del ayuntamiento durante el período de 15 días (artículo 49 del Reglamento de Bienes)".*

*Y para que conste, expido y firmo la presente certificación, con el visto bueno del alcalde, en A Peroxa, a 12 de mayo de 2017.*

*El alcalde. El secretario.*

*R. 1.879*

## Ríos

Anuncio de selección de persoal para provisión do posto de traballo: socorrista/vixiante piscina municipal.

A Alcaldía, mediante a resolución de data 22 de xuño de 2017, aprobou as bases ás que se axustará o concurso de méritos para seleccionar e contratar temporalmente a unha persoa como socorrista/vixiante piscina municipal.

As solicitudes recollerán os requisitos establecidos nas bases, que se atopan á disposición do público no concello e na páxina www. Concelloderios.es

Os/as interesados/as serán convocados pola Oficina de Emprego de Verín xa que se procedeu a presentar a oferta

ANUNCIO PRAZA SOCORRISTA RIOS



pública de emprego; posteriormente procederase a realizar o proceso de selección de acordo coas bases previstas na convocatoria.

Riós, 22 de xuño de 2017. O alcalde.

Asdo.: Francisco Armando Veiga Romero.

---

*Anuncio de selección de personal para la provisión del puesto de trabajo: socorrista/vigilante piscina municipal.*

*La Alcaldía, mediante resolución de fecha 22 de junio de 2017, aprobó las bases a las que se ajustará el concurso de méritos para seleccionar y contratar temporalmente a una persona como socorrista/vigilante piscina municipal.*

*Las solicitudes recogerán los requisitos establecidos en las bases, que se encuentran a disposición del público en el ayuntamiento y en la página www. concelloderios.es*

*Los/as interesados/as serán convocados por la Oficina de Empleo de Verín ya que se procedió a presentar la oferta pública de empleo, posteriormente se procederá a realizar el proceso de selección de acuerdo con las bases previstas en la convocatoria.*

*Riós, 22 de junio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Francisco Armando Veiga Romero.*

***R. 2.001***

---

## A Veiga

Anuncio

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio do Regulamento de creación da marca "Montañas de Trevinca" e doutras medidas para o fomento da apicultura no municipio da Veiga, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu coñecemento, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

"Regulamento de creación da marca "Montañas de Trevinca" e doutras medidas para o fomento da apicultura no municipio da Veiga

Exposición de motivos

A apicultura ten unha importancia fundamental para o desenvolvemento rural, o equilibrio ecolóxico e constitúe a base para a conservación e a diversidade das plantas que dependen da polinización, tendo un efecto positivo no territorio, a gran parte do cal se atopa incluído no espazo natural protexido da Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA PENA TREVINCA).

A xeración de emprego estable, que contribúa a fixar poboación e impulsar a calidade de vida no medio rural de montaña; a xestión do bosque, tratando de que o valor engadido, a través das correspondentes transformacións industriais, permaneza dentro do propio territorio; a xeración da economía e do "emprego verde" para lograr a conservación dos hábitats, mantendo os usos tradicionais e incentivando a agroindustria, así como a promoción dos produtos locais son obxectivos prioritarios do Concello da Veiga.

Considerando que os produtos naturais das montañas de Trevinca posúen características particulares pola súa orixe, dependentes do relevo, clima, flora, da calidade da auga e doutros factores medioambientais, é polo que o Concello da Veiga considera oportuno aprobar este regulamento e adoptar outras medidas para o fomento da apicultura no termo municipal da Veiga.

Capítulo I: Creación da marca "Montañas de Trevinca"

Artigo 1º. Obxecto

Este regulamento ten por obxecto establecer e determinar as condicións e requisitos para o uso da marca "Montañas de Trevinca", así como establecer outras medidas para o fomento da apicultura no termo municipal da Veiga.

Artigo 2º. Titularidade da marca

A marca "Montañas de Trevinca " e os elementos gráficos que a distinguen é propiedade do Concello da Veiga, con cif: P3208400 F, con domicilio na Praza do Concello, n.º 1. 32360 A Veiga (Ourense ).

A marca "Montañas de Trevinca" inscribirase no Rexistro de Marcas da Oficina Española de Patentes e Marcas.

Artigo 3º. Produtos

Os produtos amparados pola marca "Montañas de Trevinca" son o mel e os seus derivados: pole, xalea real, propóleos e ceras cuxa zona de produción sexa o termo municipal da Veiga e cuxa elaboración sexa no Centro de Apicultura de Prada, dependente do Concello da Veiga.

Poderán incluírse na marca produtos cosméticos e aromáticos artesanais elaborados a partir do mel e os seus derivados, que cumpran a lexislación sectorial aplicable a cada produto.

Artigo 4. Finalidade

A marca "Montañas de Trevinca" ten como finalidade distinguir no mercado, garantindo a súa orixe da alta montaña galega, do espazo natural protexido, da ZEC (zona de especial protección ) e da ZEPA (zona de especial protección para as aves) "Pena Trevinca" da Rede Natura 2000, os produtos agroalimentarios destinados ao consumo humano, que, producidos no termo municipal da Veiga e elaborados no Centro Apícola de Prada, reúnen as condicións e cumpren os requisitos de calidade que se especifican neste regulamento.

Artigo 5. Características do mel

A) Segundo a súa orixe botánica o mel poderase clasificar en:

- Mel multifloral.
- Mel monofloral de castiñeiro (Castanea sp.).
- Mel monofloral de silveira (Rubus sp.).
- Mel monofloral de breixo (Erica sp.).
- Mel do bosque (mel de melada Quercus robur, Q. pirenaica)

Poderán obter a clasificación de mel monofloral doutras orixes botánicas existentes no territorio tras aprevia certificación da súa composición por empresa autorizada.

B) Segundo a presentación e o procedemento de obtención:

- Mel en panais ou en seccións.
- Mel líquido.
- Mel cristalizado.
- Mel cremoso.

C) Características:

a. Características fisicoquímicas:

- Humidade: como máximo o 18,5%.
- Actividade diastásica: como mínimo 9 na escala de Schade. O mel con baixo contido enzimático, como mínimo o 4 na dita escala, sempre que o contido en hidroximetilfurfural non exceda os 10 mg/kg.
- Hidroximetilfurfural: como máximo 28 mg/kg.

b. Características meliso-palinolóxicas:

Con carácter xeral, o espectro polínico considerado na súa totalidade deberá corresponder ao propio do mel de Galicia. En calquera caso, a combinación polínica Helianthus annuus-Olea europaea-Cistus ladanifer non superará o 5% do espectro polínico total.